

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**20984** *ORDE APA/3544/2007, do 5 de decembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 292, do 6-12-2007.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista A de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

Desde o ano 2004 o suroeste da Península Ibérica viuuse afectado pola circulación viral do serotipo 4 de virus causante desta enfermidade, adoptándose as medidas adecuadas desde aquela para o seu control e erradicación, incluíndo a existencia dun programa de vacinación fronte ao mencionado serotipo.

A detección no sur de España durante o mes de xullo de 2007 dun novo illamento do virus da lingua azul, caracterizado por técnicas de laboratorio como dentro do serotipo 1 do dito virus, fixo necesario modificar en parte a estratexia de loita contra esta enfermidade en España.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, adoptáronse medidas nacionais específicas, a través de diversas ordes, a última das cales é a Orde APA/3046/2007, do 19 de outubro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

En canto ás medidas de protección fronte á enfermidade na Unión Europea, foron recentemente modificadas mediante a adopción do Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2000/75/CE do Consello no relativo ao control, o seguimento, a vixilancia e as restricións ao traslado de determinados animais de especies sensibles á febre catarral ovina.

Así mesmo, a detección no norte de España durante o mes de novembro de 2007 dun foco do serotipo 1 do virus da lingua azul, nunha zona en que non se rexistraran focos anteriormente, fai necesario a modificación das zonas restrinxidas incluídas no anexo II.

Por outro lado, no marco da política de vacinación que ata agora se seguiu na loita fronte á enfermidade, a actual dispoñibilidade de vacinas fronte ao serotipo 1 do virus da lingua azul permite a modificación dos requisitos para o movemento para vida, de animais ovinos e bovinos maiores de tres meses, desde explotacións situadas en zona restrinxida cara a explotacións situadas en zona libre, garantindo sempre o control sanitario dos movementos cara á zona libre da enfermidade.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, dispoño:

## Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto desta orde é establecer medidas específicas de protección contra a lingua azul, de aplicación a todo o territorio nacional.

## Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no artigo 2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, no artigo 2.a) do Real decreto 1939/2004, do 27 de setembro, polo que se regula a cualificación sanitaria das gandarías de reses de lida e o movemento dos animais pertencentes a estas, e no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2000/75/CE do Consello no relativo ao control, do seguimento, da vixilancia e das restricións ao traslados de determinados animais de especies sensibles á febre catarral ovina. Así mesmo, será de aplicación a definición de posto de control establecida no artigo 1.2.h) do Regulamento (CE) n.º 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e ás operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Zona restrinxida por serotipo 1 do virus da lingua azul (zona restrinxida S-1): comunidades autónomas, provincias e comarcas incluídas na letra A do anexo II.

b) Zona restrinxida por serotipo 1 e 4 do virus da lingua azul (zona restrinxida S-1-4): comunidades autónomas, provincias e comarcas incluídas na letra B do anexo II.

c) Zona libre: o resto do territorio nacional.

d) Espectáculos taurinos: os clasificados así no artigo 25 do Real decreto 145/1996, do 2 de febreiro, polo que se modifica e dá nova redacción ao Regulamento de espectáculos taurinos.

## Artigo 3. *Requisitos para movementos con destino a vida dentro de España.*

1. Todo movemento para vida dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-1 e S-1-4 con destino a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma, poderase realizar co cumprimento dos seguintes requisitos xerais:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os animais serán transportados en vehículos de transporte que deberán ser desinsectados antes da carga. No caso de movemento de animais transhumantes vacinados de acordo co establecido no anexo I, estes poderán abandonar as zonas restrinxidas con destino a zona libre «a pé», non quedando eximidos do resto dos requisitos deste artigo.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse, preferentemente, nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou repelente, que garanta a súa desinsectación durante o transporte dos animais.

e) Todos os animais que abandonen a zona restrinxida para o seu movemento para vida a zona libre dentro de España deberán estar marcados. Esta marcação realizarase, polo menos, no documento de identificación bovina (DIB) dos animais bovinos, previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, debéndose garantir, en todo momento, que a dita marcação se mantén no DIB dos animais cando sexa emitido un novo documento por parte das

autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor destes, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro. No resto de ruminantes, a marcación efectuarase mediante unha marca auricular de cor. Non obstante o anterior, para aqueles animais que estean identificados segundo Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, non será necesaria unha marca auricular de cor, e neste caso farase constar na certificación oficial do movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, a identificación dos animais obxecto de movemento.

2. Ademais dos requisitos do punto anterior, para movemento para vida dos animais das especies sensíbeis procedentes de explotacións situadas nas zonas restrinxidas con destino a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma deberanse cumprir tamén as condicións que establece o Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007, para cuxo efecto os animais obxecto de traslado deberán cumprir as condicións indicadas no anexo I. Non obstante o anterior, para aqueles animais que desde zona libre entren nas zonas restrinxidas para asistir a concursos, feiras ou poxas, exceptúanse para a saída cara á zona libre dos requisitos previstos no anexo I, sempre que os animais se mantivesen durante todo este tempo en instalacións en que se leve a cabo un adecuado protocolo de desinsectación.

Así mesmo, poderanse establecer excepcións no réxime de movementos de ovinos menores de dous meses de idade desde zona restrinxida con destino a ceba, a explotacións situadas en zona libre, dentro do territorio nacional, segundo establece o artigo 8.1.b do Regulamento (CE) 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro, sempre que se cumpran as garantías adicionais recollidas no protocolo elaborado para tal efecto e acordado no Subcomité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, e se cumpran os requisitos nel recollidos.

3. Nos movementos previstos neste artigo farase constar no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, a data de aplicación e, se é o caso, o tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación das ditas medidas e, nos casos que así proceda de acordo con este artigo, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas aos ditos animais e, se é o caso, a data das tres últimas vacinacións fronte á lingua azul aplicadas no animal e nome das vacinas empregadas.

4. Todo movemento de animais de especies sensíbeis entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas nas zonas restrinxidas polo virus da lingua azul, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

5. O movemento para vida de animais maiores de tres meses pertencentes ás especies bovina e ovina, entre explotacións situadas dentro da zona restrinxida S-1-4, poderase realizar sempre que os animais estean vacinados con vacina inactivada fronte a serotipo 4 de virus de lingua azul.

6. O movemento para vida entre as zonas restrinxidas S-1 e S-1-4 poderase realizar se se cumpren as condicións previstas no anexo I.

#### Artigo 4. *Requisitos dos movementos intracomunitarios para vida desde as zonas restrinxidas.*

Os animais de especies sensíbeis de explotacións situadas nas zonas restrinxidas poderanse mover para vida directamente a territorio doutros Estados membros coas condicións que establece para o efecto o Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

#### Artigo 5. *Movementos para sacrificio desde as zonas restrinxidas.*

1. Os animais de especies sensíbeis de explotacións situadas nas zonas restrinxidas poderanse mover para sacrificio directamente a territorio doutros Estados membros coas condicións que establece o Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

2. Os requisitos para autorizar os movementos para sacrificio de animais de especies sensíbeis desde explotacións radicadas nas zonas restrinxidas con destino a zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma serán os seguintes:

a) Os animais que se vaian transportar non presentarán signos clínicos de lingua azul o día do seu transporte.

b) Os vehículos de transporte deberán ser desinsectados antes da carga.

c) A carga e o transporte dos animais realizaranse preferentemente nas horas centrais do día ou da noite e, en todo caso, fóra das horas de máxima actividade do vector.

d) Os animais serán transportados ao matadoiro para o seu sacrificio nun prazo máximo de 48 horas desde a chegada a este, baixo supervisión oficial. A autoridade competente responsable do matadoiro será informada da intención de enviar animais a este e notificará a súa chegada á autoridade sanitaria competente en materia de expedición.

e) No matadoiro de destino, así como na explotación de orixe, terase procedido á desinsectación previa dos locais e arredores en que vaian permanecer os animais. Non obstante, a autoridade competente de sanidade animal da comunidade autónoma de destino poderá exceptuar da desinsectación previa o matadoiro de destino cando non exista risco de presenza do vector.

f) Os animais obxecto de movemento serán previamente tratados cun desinsectante ou repelente, que garanta a desinsectación destes durante o transporte dos animais, agás se os animais van ser sacrificados nas primeiras 24 horas, en cuxos casos non será necesaria a súa desinsectación previa.

3. Nos movementos previstos no punto anterior, farase constar no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, a data de aplicación e, se é o caso, o tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación das ditas medidas.

4. Todo movemento de animais de especies sensíbeis entre dúas comunidades autónomas, con orixe en explotacións situadas nas zonas restrinxidas, deberá ser notificado pola autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de orixe á autoridade competente en sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 48 horas.

5. Non obstante o disposto neste artigo, non se poderán autorizar en ningún caso movementos para sacrificio dos animais das especies sensibles, procedentes de explotacións situadas nas zonas restrinxidas con destino cara a aquelas provincias de zona libre do territorio nacional, en que historicamente se notificase a presenza de focos de lingua azul, agás que cumpran os requisitos do anexo I.

#### Artigo 6. *Movementos de reses de lida desde as zonas restrinxidas destinados a zona libre.*

1. Os movementos de reses de lida desde as zonas restrinxidas con destino a espectáculos taurinos celebrados en zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma realizaranse de acordo cos requisitos especificados no artigo 5, debendo os animais estar vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul cando os animais procedan da zona restrinxida S-1-4.

2. Os organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida das zonas restrinxidas para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona libre deberánllo comunicar á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino cunha antelación mínima de 15 días naturais á data prevista de chegada dos animais ao seu destino.

3. As reses de lida procedentes das zonas restrinxidas non poderán permanecer con vida máis de catro días naturais en zona libre, durante os cales os animais serán tratados cun desinsectante ou repelente, de modo que estean protexidos do ataque do vector. Unha vez transcorrido este período de tempo os animais deberán ser sacrificados ou devoltos á zona restrinxida de procedencia.

4. O incumprimento das garantías sanitarias establecidas neste artigo, especialmente daquelas que supoñan un risco de difusión da enfermidade, autorizará as autoridades sanitarias competentes para ordenar o sacrificio e destrución inmediata dos animais da partida, e o organizador do espectáculo correrá cos gastos derivados da dita actuación.

5. As reses de lida que, procedentes de explotacións situadas en zona libre, tivesen como destino espectáculos taurinos nas zonas restrinxidas, e que finalmente non fosen lidadas por non ser consideradas aptas para a lida nos recoñecementos previos, tratarse de sobrerros, animais indultados ou os que non puidesen ser lidados por terse suspendido o espectáculo taurino, poderán regresar directamente á explotación de orixe ou poderanse mover a outra praza de touros ou a instalacións anexas a esta situadas en zona libre, sempre e cando se aplicase un tratamento desinsectante que garanta ininterrompidamente a protección fronte ao vector da enfermidade, en cuxo caso se fará constar na certificación oficial do movemento previsto no artigo 50 da Lei 8/2003, do 24 de abril, ou como documentación adxunta a este, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, a data de aplicación e, se é o caso, o tempo de espera), así como a identificación do responsable das ditas medidas.

#### Artigo 7. *Vacunación de especies sensibles nas zonas restrinxidas.*

1. Establécese a vacinación obrigatoria fronte aos serotipos 1 e 4 do virus da lingua azul dos animais, maiores de tres meses, pertencentes ás especies ovina e bovina na zona restrinxida S-1-4.

2. Establécese a vacinación obrigatoria fronte ao serotipo 1 do virus da lingua azul dos animais, maiores de tres meses, pertencentes ás especies ovina e bovina na zona restrinxida S-1.

3. A vacinación levarase a cabo baixo supervisión oficial e coas vacinas que para tal fin subministre a Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ás comunidades autónomas das zonas restrinxidas.

4. Os animais vacinados deberánse marcar no momento da primeira vacinación cunha marca auricular de cor en que figurará, polo menos, a lenda «LA». Non obstante, no caso de bovinos, a dita marcación poderase realizar no documento de identificación bovina (DIB), previsto no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, debéndose garantir, en todo momento, que a dita marcación se mantén no DIB dos animais cando se emita un novo documento por parte das autoridades competentes das comunidades autónomas debido ao cambio de posuidor destes, ou outras circunstancias previstas no Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

Tamén se exceptúa a marca auricular naqueles animais que estean identificados electronicamente, segundo Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e caprina, para os cales non será necesaria unha marca auricular de cor se se fan constar os datos da vacinación no rexistro de tratamentos previsto no artigo 8 do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

5. As autoridades competentes en sanidade animal das comunidades autónomas levarán a cabo un rexistro dos animais vacinados, en que, polo menos, figurará o ano/mes de primeira vacinación e de sucesivas vacinacións, o código de explotación e a identificación individual dos animais, cando proceda.

6. Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 11.2 do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitirán á Subdirección Xeral de Sanidade Animal os programas de vacinas que pretendan aplicar no seu territorio, co fin de trasladalos á Comisión Europea.

#### Artigo 8. *Esperma, óvulos e embrións.*

O traslado de esperma, óvulos e embrións de doadores das zonas restrinxidas rexerase polo previsto no Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

Non obstante o anterior, no caso de esperma procedente de animais vacinados fronte ao serotipo ou serotipos presentes nas respectivas zonas restrinxidas, poderase autorizar o traslado, sempre e cando se cumpran nos animais doadores do esperma os requisitos relativos á vacinación previstos no anexo I.

#### Artigo 9. *Zona libre.*

Os movementos de saída desde unha zona libre, ou dentro da dita zona, de animais de especies sensibles, tanto para vida coma para sacrificio, ou con destino a espectáculos taurinos non están sometidos a ningunha condición específica con motivo da lingua azul.

#### Artigo 10. *Tránsito por zona restrinxida.*

Autorízase o tránsito de animais sensibles expedidos a partir dunha zona libre, a través de zona restrinxida, sempre que se aplique aos animais e aos medios de transporte utilizados, tras unha limpeza e desinfección axeitadas, un tratamento con repelente ou desinsectante autorizado no lugar de carga ou, en calquera caso, antes de entrar en zona restrinxida.

En caso de que estea previsto un período de parada nun posto de control, así como nas instalacións portua-

rias, durante o tránsito a través de zona restrinxida, aplícase un tratamento con repelente ou desinsectante autorizado co fin de protexer os animais de posibles ataques de vectores.

Artigo 11. *Comunicación de información.*

As autoridades competentes dos territorios incluídos no anexo II remitirán mensualmente á Subdirección Xeral de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, como máis tarde 22 días despois da conclusión do mes obxecto do informe, a información solicitada nos puntos 1 e 2 do anexo II do Regulamento (CE) n.º 1266/2007, da Comisión, do 26 de outubro de 2007.

Artigo 12. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto nesta orde será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición transitoria única. *Réxime temporal de movementos para vida de animais de especies sensibles entre explotacións situadas en parte das zonas restrinxidas.*

1. Non obstante o previsto no artigo 3.5, a obriga da vacinación con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul non será de aplicación aos movementos para vida de animais sensibles procedentes de explotacións situadas nas comarcas veterinarias de Motril e Órgiva, na provincia de Granada, e das comarcas veterinarias de Poniente, Río Andarax, Alto Almanzora e Bajo Andarax, na provincia de Almería, que teñan como destino explotacións situadas na zona restrinxida e que se realicen dentro dos 50 días naturais seguintes ao momento da entrada en vigor desta orde.

2. Non obstante o previsto no artigo 6, non será de aplicación aos espectáculos taurinos que se celebren dentro dos 24 días naturais seguintes á entrada en vigor desta orde, a obriga da comunicación previa á autoridade competente en materia de sanidade animal da comunidade autónoma de destino, para o desenvolvemento dun espectáculo taurino en zona libre, para os organizadores que pretendan recibir unha partida de reses de lida das comarcas veterinarias incluídas na zona restrinxida S-1.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde APA/2289/2007, do 26 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de decembro de 2007. -A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

**ANEXO I**

**Requisitos mínimos para os movementos de animais de especies sensibles á lingua azul, desde explotacións situadas nas zonas restrinxidas S-1 e S-1-4 cara a explotacións situadas en zona libre da mesma ou distinta comunidade autónoma e no movemento para vida entre as zonas restrinxidas S-1 e S-1-4**

A) O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas na zona res-

trinxida S-1 cara a explotacións situadas en zona libre do territorio nacional ou cara a explotacións situadas en zona restrinxida S-1-4, poderase realizar se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1. Que estivesen protexidos do ataque de «Culicoides» durante, como mínimo, 14 días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da lingua azul ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras de sangue tomadas, como mínimo, 14 días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

Ou ben,

2. Que se trate de animais da especie ovina e bovina maiores de 3 meses de idade, con destino para vida, e vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 1 do virus da lingua azul, en cuxo caso o movemento se poderá realizar unha vez que transcorresen 70 días desde a aplicación da segunda dose de vacina que estableza a inmunidade fronte á lingua azul segundo o protocolo de vacinación empregado, ou ben se realizase unha toma de mostra a partir dos 25 días da aplicación da segunda dose de vacina que estableza a inmunidade fronte á lingua azul segundo o protocolo de vacinación empregado, para a realización dunha proba de PCR con resultados negativos, sen que sexa necesario o illamento en ningún dos dous casos. Unha vez efectuada unha destas condicións, o prazo máximo para o movemento será de 6 meses desde a aplicación da segunda dose de vacina.

B) O movemento de animais de especies sensibles á lingua azul desde explotacións situadas na zona restrinxida S-1-4 cara a explotacións situadas en zona libre do territorio nacional ou cara a explotacións situadas en zona restrinxida S-1, poderase realizar se se cumpre algunha das seguintes condicións:

1. Que estivesen protexidos do ataque de «Culicoides» durante, como mínimo, 14 días antes da data do traslado, e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da lingua azul ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase efectuar con mostras de sangue tomadas, como mínimo, 14 días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

Ademais do requisito anterior, os animais da especie ovina e bovina maiores de 3 meses de idade, con destino para vida, deberán estar vacinados con vacina inactivada fronte ao serotipo 4 do virus da lingua azul, de acordo coas seguintes condicións:

a) Que se trate de animais que xa fosen previamente vacinados, en cuxos casos o movemento se producirá inmediatamente despois da aplicación da dose de vacina de recordo, sempre e cando a dita dose se aplicase dentro do prazo de inmunidade garantido segundo o protocolo de vacinación utilizado. O prazo máximo para o movemento será de 1 ano, ou

b) Que se trate de animais vacinados por primeira vez, debendo pasar polo menos 25 días desde a aplicación da dose de vacina que estableza a inmunidade fronte á lingua azul segundo o protocolo de vacinación empregado. O prazo máximo para o movemento será de 1 ano.

Ou ben,

2. Que se trate de animais da especie ovina e bovina maiores de 3 meses de idade, con destino para vida, e vacinados con vacina inactivada fronte aos serotipos 1 e 4 do virus da lingua azul, en cuxo caso o movemento se poderá realizar unha vez que transcorresen 70 días desde a aplicación da segunda dose de vacina que

estableza a inmunidade fronte a ambos os dous serotipos segundo o protocolo de vacinación empregado, ou ben se realizase unha toma de mostra a partir dos 25 días da aplicación da dose de vacina que estableza a inmunidade fronte a ambos os dous serotipos segundo o protocolo de vacinación empregado, para a realización dunha proba de PCR con resultados negativos, sen que sexa necesario o illamento en ningún dos dous casos. Unha vez efectuada unha destas condicións, o prazo máximo para o movemento será de 6 meses desde a aplicación da segunda dose de vacina do serotipo 1 e de 1 ano desde a aplicación da segunda dose de vacina fronte ao serotipo 4.

Non obstante o anterior, no caso de que se trate de animais que xa fosen previamente vacinados, o movemento poderase producir inmediatamente despois da aplicación da dose vacinal de recordo, sempre e cando a dita dose se aplicase dentro do prazo de inmunidade garantido segundo o protocolo de vacinación utilizado. O prazo máximo para o movemento será de 1 ano para o serotipo 4 e de 6 meses para o serotipo 1.

## ANEXO II

### Zona restrinxida

#### A) Zona restrinxida S-1:

As comunidades autónomas do País Vasco, Navarra e La Rioja.

As seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

a) Na Comunidade Autónoma de Aragón: na provincia de Huesca, as comarcas veterinarias de Ayerbe, Faca e Sabiñánigo; na provincia de Zaragoza, as comarcas veterinarias de Ejea de los Caballeros e Sos del Rey Católico.

b) Na Comunidade Autónoma de Cantabria: as comarcas veterinarias de Gama (Bárcena de Cicero), Ramales e Solares (Medio Cudeyo).

c) Na Comunidade Autónoma de Castilla y León: na provincia de Burgos as comarcas veterinarias de Miranda de Ebro, Medina de Pomar, Valle de Mena, Briviesca, Villarcayo de las Merindades de Castilla la Vieja, Espinosa de los Monteros e Belorado

#### B) Zona restrinxida S-1-4:

As cidades de Ceuta e Melilla.

A Comunidade Autónoma de Extremadura.

As seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

a) Na Comunidade Autónoma de Andalucía: as provincias de Cádiz, Málaga, Sevilla, Huelva e Córdoba; na provincia de Jaén, as comarcas veterinarias de Alcalá La Real, Huelma, Úbeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto; na provincia de Granada, as comarcas veterinarias de Motril e Órgiva; e na provincia de Almería, as comarcas veterinarias de Poniente, Río Andarax, Alto Almanzora e Bajo Andarax.

b) Na Comunidade Autónoma de Castilla y León: na provincia de Ávila, as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, El Barco de Ávila, El Barraco, Candeleda, Cebreros, Las Navas del Marqués, Navalunga e Sotillo de la Adrada e, na provincia de Salamanca, as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros,

c) Na Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha, as provincias de Toledo e Ciudad Real, e a comarca de Alcaraz na provincia de Albacete.

d) Na Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, El Escorial, Griñón, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Arganda del Rey, Villarejo de Salvanés, Alcalá de Henares, Torrelaguna, Colmenar Viejo e municipio de Madrid.

# MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**20985** *REAL DECRETO 1522/2007, do 16 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 4/2007, do 12 de xaneiro, polo que se aproban os métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles.* («BOE» 292, do 6-12-2007.)

O Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles, e as súas posteriores modificacións, prescriben unha etiquetaxe que indique a composición da fibra dos produtos téxtiles, ben como a realización de probas mediante análise da conformidade deses produtos coas indicacións que figuran na súa etiqueta, adaptando así o ordenamento xurídico interno ás exigencias da lexislación comunitaria.

En virtude das disposicións deste real decreto e con obxecto de garantir a veracidade da información aos consumidores a través da etiquetaxe, por medio do Real decreto 4/2007, do 12 de xaneiro, aprobáronse os métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles, procedendo á codificación desta materia e incorporando ao ordenamento xurídico interno a Directiva 96/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1996, sobre determinados métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles, e a Directiva 2006/2/CE da Comisión, do 6 de xaneiro de 2006, que modifica, para a súa adaptación ao progreso técnico, o anexo II da Directiva 96/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles.

Recentemente, aprobouse a Directiva 2007/3/CE da Comisión, do 2 de febreiro de 2007, pola que se modifican, para os adaptar ao progreso técnico, os anexos I e II da Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás denominacións téxtiles, co obxecto de engadir a fibra elastolefina á lista de fibras establecida nos anexos I e II da directiva mencionada.

En función disto, a Comisión Europea considerou necesario definir métodos uniformes de ensaio para a elastolefina. Para tal efecto, aprobouse a Directiva 2007/4/CE da Comisión, do 2 de febreiro de 2007, que modifica, para a súa adaptación ao progreso técnico, o anexo II da Directiva 96/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre determinados métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles.

Esta circunstancia fai necesario que se adopten as disposicións oportunas en relación cos métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles, co obxecto de incorporar esta última directiva e garantir os intereses do consumidor, polo que mediante este real decreto se procede á incorporación ao ordenamento xurídico interno da Directiva 2007/4/CE, da Comisión, do 2 de febreiro de 2007.

Na tramitación deste real decreto deuse audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, téndose consultado igualmente as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo e de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de novembro de 2007,

## DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 4/2007, do 12 de xaneiro, polo que se aproban os métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles.*

Modifícase o Real decreto 4/2007, do 12 de xaneiro, polo que se aproban os métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles, nos seguintes termos: